

CIRCULAR 65-2025

XXIV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE 10.000 ABSOLUTO, SUB 23 E MÁSTER E DE 5.000 SUB 18 E SUB 20 - V MEMORIAL ALEJANDRO GÓMEZ

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 19 de abril nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela, os Campionatos Xunta de Galicia de 10.000 e 5.000, Memorial Alejandro Gómez.

Art.2).- Poderán intervir atletas con licenza en vigor pola FGA, realizándose a admisión segundo as marcas indicadas na inscrición.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata o luns 14 de abril ás 20:00 horas.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025 nas probas de 10.000, 5.000 e 3.000 en pista, e de 10km e 5km en ruta homologadas.
- As marcas a referir, en distancia diferente da proba a realizar, indicaranse no campo observacións. *Exemplo: 3.000 - 9:27.32 - Ourense - 15/02/25*

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do mércores 16 de abril e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.7).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
9:40	9:50	9:55	10:00	10.000 Homes - Final B	12:15
10:40	10:50	10:55	11:00	10.000 Homes - Final A	
11:20	11:30	11:35	11:40	10.000 Mulleres	13:00
12:20	12:30	12:35	12:40	5.000 Mulleres	13:30
12:45	12:55	13:00	13:05	5.000 Homes Sub 20	13:45
13:10	13:20	13:25	13:30	5.000 Homes Sub 18	14:00



Art.8).- Entrega de premios:

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 23 de marzo do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo